

Cliac

Consello Local da Infancia da Coruña

Unha actividade educativa para o fomento da participación da infancia

Un órgano de participación infantil e canle das voces das nenas e nenos do concello

Que é o CLIAC?

O Consello Local da Infancia da Coruña é

Un órgano municipal
de participación infantil

Unha actividade
educativa dirixida
ao alumnado de 5º e 6º
de Educación Primaria
do concello

Con este proceso damos continuidade ao traballo iniciado por un grupo de centros no curso 2021-2022, cos obxectivos de fomentar a participación entre a infancia; tecer rede entre centros, docentes, familias e alumnado; e completar o grupo estable de traballo con nenas e nenos que funciona como altofalante das súas voces cara as políticas públicas do Concello.

Por que é interesante para nenas e nenos?

Por medio desta actividade nenas e nenos:

.....
Aprenderán sobre o seu
dereito á participación

.....
Mellorarán a súa capacidade
de análise e toma de decisións

.....
Gozarán dun espazo
de desenvolvemento
persoal e grupal

.....
Normalizarán a súa
participación pública
como cidadás e cidadáns

.....
Amosarán que as súas
accións teñen impacto

.....
Representarán ás nenas
e nenos da cidade

En que consiste a actividade?

1º O centro educativo presenta o CLIAC en cada aula

O profesorado presentará o CLIAC e motivará a participación do alumnado de 5º e 6º curso de Educación Primaria. Tamén informará do prazo de presentación de candidaturas (17 de xaneiro de 2024), acompañará ao alumnado na elaboración de candidaturas individuais e de apoios por parte do resto de compañeiras e compañeiros.

2º Elaboración de candidaturas con apoio do profesorado

As nenas e nenos que desexen formar parte do CLIAC prepararán a súa candidatura:

- Un texto ou vídeo coa súa motivación para formar parte do CLIAC
- Unha carta de apoio das súas compañeiras e compañeiros de aula
- Autorización familiar

3º Solicitud de participación

O centro enviará un correo ao enderezo cliac@coruna.gal indicando:

- Nome do centro
- Número de nenas e nenos interesados en participar
- Nome da persoa de referencia no centro e datos de contacto (teléfono e correo electrónico) para o seguimento da/s candidatura/s.

Neste correo tamén se achegarán as candidaturas individuais e as cartas de apoio grupal.

4º Selección das nenas e nenos

Entre as candidaturas recibidas, seleccionárase un grupo de nenas e nenos representativo de todos os centros e barrios da cidade.

5º Sesión informativa

Os centros participantes no CLIAC, serán convidados a unha **sesión informativa online**, para afondar no procedemento de participación das nenas e nenos.

6º Convocatoria de nenas e nenos seleccionados

O grupo seleccionado será convidado a participar en sesións do CLIAC (en horario extraescolar) nas que ir desenvolvendo habilidades para a participación cidadá, ao tempo que imos dando forma a este órgano de representación infantil.

Para que esta experiencia de participación sexa significativa, precisa da colaboración das e dos docentes interesadas para motivar ao alumnado a presentar as súas candidaturas

Como podo participar co meu alumnado?


Se tes interese en participar envía un correo a cliac@coruna.gal indicando: o nome do centro, o número de nenas e nenos interesados en participar e o nome da persoa de referencia no centro e datos de contacto.

Calquera dúbida:

Departamento de Educación
981 184 200 (ext. 10179 // 10120)

Equipo técnico — Deloga
604 07 39 92

cliac@coruna.gal





Concello da Coruña